



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS/TITORES-AS LEGAIS

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18/09/2024), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS/NAIS/TITORES-AS LEGAIS DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a 2 **pais/nais/titores-as legais**, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes de pais/nais/titores-as legais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.

2.- Son electores todos os pais/nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 04 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría e/ou Dirección do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día 05 de novembro nas dependencias anteriormente citadas.

4.- A proclamación de candidaturas presentadas será o día 06 de novembro, despois da 2ª reunión da Xunta Electoral, e serán expostas no taboleiro anuncios.

5.- A apertura ao prazo de reclamacións á proclamación das candidaturas serán os días 07 e 08 de novembro.

6.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais/titores-as legais que non se presenten como candidatos, o día 05 de novembro, ás 12:00 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario o de menor idade.

7.- A campaña electoral comprenderá dende o 07 ao 17 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidat@s, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 18 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.



8.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais dos alumnos/as matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

9.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 10 de novembro, de 09:15 a 16:15 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 09:00 horas.

10.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo dun **nome** dos candidatos/as presentad@s, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

11.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal dos alumn@s.

12.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

13.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Valenzá, 28 de outubro de 2024.



A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Patricia Piñeiro Losada